

## Acta da Comisión Permanente do día 27 de outubro de 2020

### Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 27/10/2020.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 27/10/2020.
- III. Recoñecemento de materias/créditos.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 10 horas na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. **Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 29 de setembro de 2020 e extraordinaria celebrada o 16 de outubro de 2020.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, as actas das dúas sesións anteriores.

2. **Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, etc.**

A Presidenta comenta que se achegaron dúas solicitudes de recoñecemento de créditos, de alumnado matriculado en primeiro curso por primeira vez. A continuación explica a documentación achegada previamente aos membros da comisión coas propostas de recoñecemento para cada caso. Unha das solicitudes é dun alumno procedente do *Grao en Enxeñaría en Química Industrial da Universidade de Vigo* e os recoñecementos de créditos que solicita son estándar. A outra solicitude é dunha alumna procedente do *Doble Grado en Ingeniería de Recursos Energéticos e Ingeniería Química Industrial de la Universidad de Jaén*; neste caso revisáronse os contidos das materias e, ante a dúbida referente a materia cursada “Matemáticas I”, a Dirección do centro trasladoulle a información ao profesor Eduardo Liz, coordinador das materias “Matemáticas: Cálculo I” e “Matemáticas: Álgebra Lineal”, quen suxeriu que o máis apropiado é recoñecerlle a materia “Matemáticas: Álgebra Lineal”.

Apróbanse por asentimento os recoñecementos de créditos propostos.

3. **Aprobación, se procede, do calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudos para o primeiro cuadrimestre do curso académico 2020/2021.**

A Presidenta sinala que este ano, dadas as circunstancias, reducíronse as solicitudes achegadas (dificultades das empresas para garantir as condicións necesarias, etc.). A continuación le a táboa e aclara que se incorporou unha nova saída respecto a proposta achegada previamente por e-mail.



Lembra o compromiso de ofertar algunhas actividades complementarias para as materias que quedaron con algunha hora de menos no axuste efectuado para acadar a docencia totalmente presencial. Aclara que hai varias iniciativas neste sentido pero que aínda están pendentes de confirmación polas empresas. Proponse aprobar o calendario incorporando as actividades pendentes de confirmación.

N.	Materia	Titulación	Destino	Nº previsto de alumnos	Data prevista da viaxe
1	Voladuras	Grao ERME + Master en Enxeñaría de Minas	Couso – Cans (Pontevedra)	20	—
2	Tecnoloxía electrónica	Grao Enxeñaría da Enerxía	Vigo (Pontevedra)	10	—
3	Xestión a enerxía térmica	Grao Enxeñaría da Enerxía	Vigo (Pontevedra)	7	—
4	Xestión integral de industrias mineiras	Master en Enxeñaría de Minas	Vedra (A Coruña)	17	23/10/2020
5	Concentración de menas + Concentración de minerais + Explotación sostible de recursos mineiros	Grao ERME + Master en Enxeñaría de Minas	Salvaterra de Miño (Pontevedra)	17	17-11-2020
6	Explotación sostible de recursos mineiros	Grao ERME + Master en Enxeñaría de Minas	Villamartín de Valeorras (Ourense)	15	17-11-2020
7	Prospección e avaliación de recursos	Grao ERME + Master en Enxeñaría de Minas	Touro (A Coruña)	12	17-11-2020
8	Mecánica de rochas + Enxeñaría de noiros	Grao ERME + Master en Enxeñaría de Minas	Couso – Canteira Votorantim	10	24/11/2020
9	Obras subterráneas + Deseño e execución de obras subterráneas	Grao ERME + Master en Enxeñaría de Minas	Ferrol (A Coruña)	15	17/11/2020
10	Tecnoloxías de Materiais	Grao ERME + Grao EE	Padrón (STAC)	20	27/11/2020
11	Sistemas Térmicos	Grao ERME + Grao EE	Sanxenxo	20	27/11/2020
12	Electrotecnia	Grao ERME + Grao EE	Coruña	20	27/11/2020

Apróbase por asentimento o calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudos para o primeiro cuadrimestre do curso académico 2020/2021.

#### 4. Nomeamento, se procede, do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao para os graos impartidos nesta Escola.

A Presidenta explica que hai que nomear un tribunal para cada grao, lembra que se trata dunha valoración automática en base ao expediente e solicita persoas voluntarias que desexen formar parte deles. Ao non haber ningunha, propón as seguintes composicións:

- Tribunal para o Grao en ERME:
  - Presidenta: Elena Alonso Prieto (Directora da emE)
  - Vocal: María Araújo Fernández (Coordinadora do Grao en ERME)
  - Secretario: Guillermo García Lomba (Secretario da emE)
- Tribunal para o Grao en EE:
  - Presidenta: Elena Alonso Prieto (Directora da emE)
  - Vocal: David Patiño Vilas (Coordinador do Grao en EE)
  - Secretario: Guillermo García Lomba (Secretario da emE).

Apróbase por asentimento a configuración dos tribunais.

#### 5. Outros asuntos de trámite.

Non hai.

#### 6. Rogos e preguntas.

Carmen Pérez pregunta se un alumno ao que se lle recoñeceron créditos no punto 2 pode agora matricularse de materias de segundo. A Presidenta responde que como o segundo curso deste plan aínda non está implantado, non pode matricularse desas materias.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10 horas e 20 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a vinte e sete de outubro de dous mil vinte.

Vº e Prace  
A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



## ANEXO I

**Convocatoria da Comisión Permanente do 27/10/2020**

## Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o martes 27 de outubro de 2020, ás 9:30 h en primeira convocatoria e as 10:00 h en segunda.

A reunión terá lugar na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 29 de setembro de 2020 e extraordinaria celebrada o 16 de outubro de 2020.
2. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, etc.
3. Aprobación, se procede, do calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o primeiro cuadrimestre do curso académico 2020/2021.
4. Nomeamento, se procede, do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao, para os graos impartidos nesta Escola.
5. Outros asuntos de trámite.
6. Rogos e preguntas.

Vigo, 20 de outubro de 2020  
O Secretario

Guillermo García Lomba

**A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA**





## ANEXO II

**Asistentes á Comisión Permanente do 27/10/2020**



<b>Asistentes á Comisión Permanente do 27 de outubro de 2020</b>
<b>Presidenta da Comisión</b>
Elena Alonso Prieto
<b>Secretario da Comisión</b>
Guillermo García Lomba
<b>Subdirector/a</b>
David Patiño Vilas
<b>Profesorado</b>
Pedro Arias Sánchez
Fernando García Bastante
Alfonso Mandado Vázquez
M <sup>a</sup> del Carmen Pérez Pérez
María Teresa Rivas Brea
Javier Taboada Castro
<b>Estudantes</b>
Marta María Caride Pérez
<b>PAS</b>
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez

Escusa a súa ausencia Belén Parente Artime.



## ANEXO III

### Solicitudes de recoñecemento de créditos